

Silvia Cortiñas Fernández, vicesecretaria xeral da Consellería do Medio Rural, como secretaria do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) do 23 de xuño de 2020, por suplencia da persoa titular debido a vacante,

**Certifico:**

Que o Consello de Dirección de Agader, na súa reunión do vinte e tres de xuño de dous mil vinte, aprobou o seguinte acordo:

**“Ao abeiro do previsto no artigo 6.1 j) do Regulamento da Agader, aprobado polo Decreto 79/2001, do 6 de abril, deléganse na persoa titular da Dirección Xeral da Agader as competencias que lle correspondan ao Consello Reitor da Agader en relación cos procedementos relacionados cos Proxectos de mobilización de terras e mais co Fomento da mobilización de terras a través do programa de aldeas modelo, regulados nos artigos 47 bis e 47 ter da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras. En particular, deléganse a identificación e declaración de zonas de actuación para aplicar proxectos de mobilización de terras e mais de aldeas modelo, a integración cautelar de predios no respectivo proxecto e mais a aprobación do proxecto de aldea modelo.”**

E para que conste, asino esta certificación en Santiago de Compostela, a vinte e tres de xuño de dous mil vinte.

Vº e prace  
  
José González Vázquez

A secretaria do Consello de Dirección

  
Silvia Cortiñas Fernández

